

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

O vicio de escribir

23.08.2010 Para Darío Xohán Cabana a literatura é coma o tabaco, "unha vez te metes nela non a dás deixado"

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

O verán é a estación que menos lle gusta a Darío Xohán Cabana, xa que non atura a calor e propón deitarse baixo un castiñeiro coma alternativa á praia e a tomar unhas cañas. Seguro que aí aproveita para face-las súas lecturas eruditas e para escoitar música de hai 800 anos, as actividades que o teñen ocupado nestes meses para elaborar unha antoloxía da poesía dos trobadores occitanos dos séculos XII e XIII.

Está a ter un verán de pracer ou de traballo?

De traballo, entre por un lado a miña ocupación, o meu traballo asalariado, e polo outro unha antoloxía trobadoresca que estou rematando. Trátase dunha antoloxía da poesía dos trobadores medievais occitanos dos séculos XII e XIII, con traducións en galego. É unha cousa bastante completa, xa que son case 200 poemas, é un *tocho* de carallo (risos).

Ten algún plan para pasa-lo verán?

Non, penso que xa non.

Vese practicando o Xacobeo?

Para nada, o Xacobeo éme igual.

Que lle gusta máis do verán?

Os figos, as noites.

Para vostede o verán ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

Cada unha ten as súas especialidades, a min gústanme todas. Se cadra o verán é a que menos me gusta porque a calor moléstame bastante.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Ningunha das cousas, pero quedo coas cañas nunha terraza. Prefiro outras alternativas, como deitarme debaixo dun castiñeiro e mirar cara a arriba.

Está a pasa-lo verán con algún libro, escoitando música ou vendo películas?

Con moitos libros, pero son bastante aburridos xa que son libros eruditos e cousas así. Non é que estea lendo nada, pero agora mesmo estou relendo uns capítulos da historia social da literatura e da arte, pero non é que sexa unha lectura, senón que se trata dunha consulta erudita. Ás veces escoito música, películas practicamente non vexo.

Están entre o seu repertorio os grandes éxitos de Georgie Dann?

Non, a última música que escoitei ten máis de 800 anos.

Ou sexa que se está documentando a fondo nesa etapa histórica en torno á cal xira esa antoloxía.

Efectivamente, non exactamente documentándome pero si que haberá que engadir algunha música deles.

Aproveita o verán para practicar algún deporte?

Non, eu deporte non o practiquei nunca. Cansa moitísimo!

A literatura para un escritor é ó mesmo tempo profesión e hobby?

Para min non é unha profesión porque non vivo dela. Tampouco é un hobby, xa que é unha cousa moito máis seria ca iso. É un vicio, pois unha vez que te metes nela é coma o tabaco, que non o dás deixado.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Non, un escritor é un cidadán normal e corrente coma outro calquera, ó que lle gusta tomar uns viños, dar un paseo, estar sen facer nada ou falar coa xente.

Cando un está de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Iso é terrible, porque ideas para próximos traballos sempre fan falla. A min non me fai falla ningunha, xa teño demasiadas ideas, e aínda que viva cen anos a partir de agora -que non me tocan- teño xa as ideas pensadas.

Se puidese escoller a calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Se é virtual non o pasaría con ninguén, xa que a min gústame compartir espazos reais cos meus amigos e coa miña xente, pero non virtuais xa que eu non practico esas cousas.

Como é o primeiro día de escritura trala tempada de vacacións? Custa arrincar?

É que iso non me acontece dende hai moito tempo porque nunca deixo de todo nada, procuro non facer moita diferenza entre un tempo e outro.

Nome: Darío Xohán Cabana Yanes

Lugar de nacemento: Cospeito (Lugo)

Año de nacemento: 1952

Obras: *Home e terra* (1970), *Ábrelle a porta ó día* (1981), *Galván en Saor* (1989), *As viaxes do príncipe azul* (1992), *O castrón de ouro* (1993), *Cabalgada na brétema* (2006)...

Premios: Premio Xerais por *Galván en Saor*, premio Barco de Vapor por *O castrón de ouro*, premio de poesía Martín Codax por *Canta de cerca a morte* (1994)...

Ademais: Traballa como funcionario no Concello de Lugo e é membro da Real Academia Galega dende 2006.

EL CORREO GALLEGO